



UNIVERSIDADE DE VIGO

ACTA Nº 8 DO CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

SESIÓN: Extraordinaria

LUGAR: Sala de Conferencias da Casa das Campás de Pontevedra.

DATA: 1 de outubro de 2009

HORA DE COMEZO: 17:30 h.

HORA DE REMATE: 20:00 h.

ASISTENTES:

Barcia Rodríguez, Ignacio; Gago Rodríguez, Alberto; García Soidán, M^a del Pilar; Gutiérrez Nieto, Manuel; Hernández Sánchez, Jesús; Lorenzo Cimadevila, Martí Pellón, Daniel; Mollinedo Lois, Carlos; Ortiz Torres, Luis; Pardellas de Blas, Xulio; Torres Vázquez, Luis.

ORDE DO DÍA:

1. Situación do Campus de Pontevedra.

ACORDOS

1. Situación do Campus de Pontevedra.

Escusan a súa ausencia as seguintes persoas: D. José Luis García (por coincidencia co acto de defensa dunha tese de doutoramento da que formaba parte do Tribunal) e D. José María Cancela. Comeza as intervencións o Vicerreitor D. Jesús Hernández, para explicar a situación actual do Campus de Pontevedra, que motivou a convocatoria desta sesión extraordinaria do Consello de Campus:

- No que atinxe á Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, informa que se fixo unha entrega provisional da obra que se está executando para poder levar material, coa previsión de que os laboratorios e vestiarios estean rematados no prazo dun mes.
- A Gardería do Campus está en fase de adxudicación, proceso que leva retraso debido ao elevado número de empresas que se presentaron ao concurso e que supuxo un prazo de 3 meses para a elaboración do Informe Técnico. En breve convocarase a mesa para a adxudicación do proxecto e a previsión é que nun mes empece a construción da Gardería.
- En canto as obras CEM, comezou referíndose a Facultade de Belas Artes. Neste centro había anos que non se levaban a cabo obras, tendo en conta a previsión de traslado ao novo edificio da Facultade das Artes, polo que tiveron que realizarse con certa urxencia diversas intervencións para adaptar o centro ás necesidades. Acometeuse a remodelación de varios espazos, agás as reformas do salón de actos, para as que xa se ten redactado o proxecto, e tampouco se interveu na cuberta da Facultade, dado que o Concello aínda non expediu a licenza. Por outra banda, as obras na cuberta da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación tiveron que paralizarse, xa que o Concello esixiu para autorizalas a licenza de primeira ocupación, da que non se dispón pero xa se está a traballar para a súa tramitación. No verán colocouse o solo do Pavillón Universitario e agora a oferta de Escolas Deportivas inclúe actividades que se realizarán no interior do mesmo.
- Tamén se está a traballar en diversas intervencións no Campus e particularmente na adecuación dos viais, dos que xa se aclarou que son de dominio municipal e, aínda que se pode traballar para a cesión dos mesmos á Universidade, de momento a execución de obras nos viais debe contar co permiso do Concello. Coa colaboración da asesora da Vicerreitoría en temas de arquitectura, María José Fariña Busto, estase a realizar un estudo de reordenación do Campus, que inclúe a optimización de espazos para aparcadoiro. A proposta estímase que

estará lista para finais de ano e non contempla a utilización da parcela que queda sen edificar no Campus, xa que figura como espazo verde de dominio público.

Seguidamente intervén o Reitor, D. Alberto Gago, para comentar diversos temas relacionados co Campus de Pontevedra:

- Comeza por explicar que entre os temas urxentes figuran o traslado da Facultade de Belas Artes, a integración da titulación de Enfermería e os novos graos que se implantarán, tendo en conta que no ano 2010 ábrese o mapa de titulacións. A falta actual de espazos no Campus de Pontevedra fai imposible pensar no crecemento do mesmo e na implantación de novas titulacións, a pesar do seu potencial. O Reitor deu a coñecer este feito no seu discurso no acto de apertura do Curso, que este ano se celebrou en Pontevedra, do que informaron os medios de comunicación locais e que contrariou ao Concello.
- A continuación referiuse o Reitor a traxectoria seguida polo proxecto de construción da Facultade das Artes, que comezou no ano 2004, coa sinatura dun protocolo co Concello de Pontevedra, que incluía a permuta de edificios. A partir deste protocolo, convocouse un concurso de ideas para o deseño do Edificio das Artes, pero o proxecto gañador, de recoñecido prestixio, tivo que ser modificado porque o Concello informou con posterioridade de que parte do terreo cedido á Universidade debería reservarse como zona verde. Tívoise que acometer a correspondente modificación do proxecto para a súa adaptación as dimensións do terreo edificable, o que supuxo unha demora no proceso. Os gastos derivados da construción do devandito centro incorporáronse aos orzamentos da Universidade por primeira vez no ano 2006, cun plan de financiamento a 4 anos. Posteriormente, a urbanización do terreo de Tafisa converteuse nun elemento de discusión política entre a Xunta e o Concello, que impediu que a Universidade puidera dispoñer do terreo e rexistralo como propio. Este feito provocou que, despois de ter que prorrogar á Universidade durante 3 anos os orzamentos previstos para a construción da Facultade das Artes, a finais do ano 2009 a parcela para a súa edificación aínda non é de titularidade da Universidade e no ano 2010 remata o plan de financiamento desta obra.

O Vicerreitor engade neste punto a necesidade existente de espazo para a construción de pisos ou dunha residencia para estudantes, que tamén se ten demandado pero sen éxito.

A continuación, os presentes fan distintas consideracións e comentarios sobre os temas expostos en relación coa situación do Campus:

- D. Xulio Pardellas comenta que a falta de apoio institucional é un factor negativo para o desenvolvemento do Campus e que é un problema que xa ven de atrás. Suxire buscar opcións de espazo alternativas, contando con entidades privadas se fose posible, e tamén comenta a necesidade de dar a coñecer este feito á cidadanía de Pontevedra.
- D. Daniel Martí coincide co argumento anterior, no sentido de que as institucións públicas da cidade non apostan polo Campus de Pontevedra.
- D. Carlos Mollinedo fai fincapé no feito de que o Consello de Campus representa á Universidade e pode aportar ideas para a solución da situación actual.
- O Reitor comenta que ten previstas diversas reunións cos representantes do Concello, da Deputación Provincial e da Delegación da Xunta. Incide novamente na idea de que a falta de infraestruturas condiciona o crecemento do Campus.
- D. Luis Ortiz considera que o Concello non entende o alcance do problema, interpretándoo como un interese por parte da Universidade de repetir titulacións xa existentes e, polo tanto, que é preciso moverse para dar a coñecer a situación.
- Dna. Antonia Blanco comenta que a Universidade lle da prestixio e riqueza á cidade, sen recibir axuda por parte do Concello.

O Reitor fai unha proposta de actuación aos presentes, que comezaría por levar a cabo as reunións previstas cos representantes das distintas institucións públicas da cidade. A continuación, e no caso de que fracasen as mesmas, podería convocar ao Consello de Campus e a unha rolda de prensa cos medios, para informar de que non hai desinterese por parte da Universidade de Vigo para o progreso do Campus de Pontevedra e a implantación de novas titulacións, senón que é a falta de espazos o que o impide. Pide o Reitor aos presentes que fagan unha valoración desta proposta, que é aceptada por asentimento. Ademais fanse os seguintes comentarios ao respecto:

- D. Luis Ortiz suxire a posibilidade de levar a cabo unha xornada de paro no Campus.
- D. Carlos Mollinedo comenta que, de levar adiante a xornada de paro, o peor que podería pasar sería que a situación continuara como está. Engade a idea de facer chegar a información sobre a situación do Campus aos distintos centros para que aporten solucións.
- Dna. Pilar García pregunta sobre o papel que está desempeñando Dolores Dopico na resolución dos problemas para edificar a Facultade das Artes, pola súa dobre condición de Concelleira e Directora da titulación en Deseño Textil e Moda, que se imparte na Facultade de de Belas Artes. Responde o Vicerreitor que ela ten permanecido ao marxe neste tema.

- D. Ignacio Barcia pregunta sobre a posibilidade de falar con outros Concellos, próximos a Pontevedra, para saber se poderían ceder terreos á Universidade.
- D. Henrique Lorenzo incide na idea anterior e pregunta se se poderían iniciar as consultas a este respecto.
- D. Manuel Gutiérrez comenta que no caso de comezar as conversas, en busca de terreos noutros Concellos, debería ser coa idea de levalas á práctica.

O Vicerreitor D. Jesús Hernández fai unha intervención final para informar ao Consello de Campus dun tema que ven de ser publicado na prensa, relativo a unha suposta débeda da Universidade co Concello de Pontevedra. Comenta que cando se tivo coñecemento deste tema, buscou a correspondente información nos arquivos, atopándose co feito de que a devandita débeda non existía, xa que o concepto ao que facía referencia fora pagado pola Universidade. Unha vez que dende o Concello tiveron noticias do erro cometido, pediron desculpas por medio dunha chamada telefónica. Dende a Vicerreitoría pedíuselles que informaran do erro tamén aos medios de comunicación, igual que fixeran coa comunicación da suposta débeda, pero aínda non se conseguiu.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

Pontevedra, a 1 de outubro de 2009.

A SECRETARIA

Ado. M^a del Pilar García Soidán